Ludmila Javorová (1932-2026), unha muller extraordinaria

Benito Méndez[1]

Este pasado 17 de setembro de 2026 morría en Rajhrad, preto de Brno (República checa), Ludmila Javorová, aos 94 anos. O seu nome, bastante descoñecido entre nós, podemos asocialo a un feito extraordinario pola súa relevancia eclesiolóxica non só no seu momento. Hoxe aínda pon en valor que o que foi unha excepción no seu tempo confirma a regra dun camiño posible. Ela foi ordenada en segredo como diaconisa e logo como presbítera, o 28 e o 29 de decembro de 1970. Eran os tempos da así chamada «Igrexa do silencio». Certo é que despois aquela ordenación foi considerada inválida, pero o feito de que o bispo Felix M. Davidek a ordenara dá que pensar. El mesmo era un bispo clandestino que vivía o seu ministerio en condicións extremas e, nesas circunstancias, nesa realidade, non viu outra opción que a de contar con persoas das que non se podía sospeitar. Por iso, máis que polo feito histórico que supón a súa ordenación, a morte de Ludmila Javorová séguenos a interpelar seriamente sobre se as nosas circunstancias eclesiais son ou non tamén extremas, aínda que non corramos perigo de morte ou de cárcere. Sendo así, como creo que sucede en moitos lugares, a pregunta sobre os límites e as posibilidades do ministerio ordenado seguen vixentes. Vale a pena, por iso, percorrer algúns trazos da traxectoria desta muller.

Xa antes da súa ordenación reuníase en segredo con outras mulleres católicas para a oración e a formación espiritual. Pero, foi tempo despois cando adquiriu un papel especial ao conver-

1 Profesor do Instituto Teolóxico Compostelán. Membro do Consello de Encrucillada.

terse na colaboradora máis próxima do bispo Félix María Davídek (1921-1988), que saía do cárcere onde estivera preso dende 1950, por dirixir un seminario clandestino. Ambos, xunto con outras persoas, foron construíndo unha estrutura pastoral secreta co fin de asegurar a vida sacramental imprescindible para os católicos. Nese contexto, o bispo Davídek ordenou preto de setenta persoas entre 1964 –ano no que saíu do cárcere– e 1989, entre elas homes casados. Pero, chegado o Nadal de 1970 un sínodo convocado e celebrado en Koberice discutiu a posibilidade de, dadas as condicións pastorais concretas que se estaban a vivir, ordenar mulleres. En efecto, as relixiosas e as mulleres católicas presas nos cárceres comunistas quedaban con frecuencia sen acceso ningún a un presbítero varón, mentres que os presos homes si podían recibir asistencia espiritual doutros clandestinos. Non foi unha decisión fácil a do bispo, pois o Sínodo estaba dividido e boa parte do clero non estaba a favor da ordenación de mulleres. Malia todo, había que responder a unha necesidade pastoral concreta que a «Igrexa institucional-visible» non podía solucionar. É dicir, non había intención ningunha de cisma con respecto a Roma; tratábase de axudar a aquela xente a vivir a fe naqueles momentos de tanta dificultade.

O 28 de decembro de 1970 Javorová foi ordenada diaconisa e o día seguinte presbítera, naturalmente, en segredo, e baixo xuramento de silencio absoluto, pois o contacto con outras igrexas ou con Roma era imposible. Non sería a única muller, aínda que en total non chegaron a dez as ordenadas, moitas menos que os homes casados, dentro dunha rede clandestina que incluía outros 19 bispos. En todo caso, Ludmila exercería despois como vicaria xeral da diocese, clandestina ata 1990, pero sufrindo en soidade, coñecedora da incomprensión que tal ministerio provocaba[2]. O bispo Davidek morrera en 1988 antes da caída da ditadura comunista. Agora, de novo, era posible o contacto con Roma e podía tratarse o asunto das ordenacións clandestinas.

2 Cf. Winter, Miriam Therese. *Out of the Depths: The Story of Ludmila Javorova, Ordained Roman Catholic Priest.* New York, Crossroad. 2001 p. 241: «What happened to me occurred during an exceptional time in history and in a particular place. In the history of salvation God accepts things at certain times that are no permitted at other times. God permitted my ordination».

Foi un proceso doloroso para Ludmila. A Congregación para a Doutrina da Fe aplicou á «Igrexa do silencio» o principio da *ordinatio sub conditione*: os presbíteros celibatarios podían ser reordenados *sub conditone* para disipar a dúbida sobre a validez da anterior ordenación; pero os casados debían renunciar ao exercicio público do ministerio. Para as mulleres a cousa foi peor, pois para elas non houbo ningunha vía de recoñecemento. De feito, en 1996, a Congregación romana declarou formalmente que a ordenación de Ludmila Javorová –e a das outras mulleres– nunca fora válida, e, sendo así, prohibiulle todo exercicio público do ministerio presbiteral. Ao contrario do que poderíamos pensar, ela non rompeu coa Igrexa nin formou unha comunidade paralela. Traballou como profesora de relixión, permaneceu activa na súa parroquia de Brno e, a mediados dos anos noventa do pasado século, decidiu romper o silencio e contar publicamente a súa historia. Con iso, converteuse en voz activa a favor dunha maior participación das mulleres na vida e no goberno da Igrexa, tal e como propón tamén o sínodo que se está aínda a celebrar nestes anos na Igrexa católico-romana.

Deixando a un lado a cuestión sacramental sobre o feito de se aquelas ordenacións foron lícitas ou válidas, e, sobre todo, a cuestión da exclusión das mulleres do ministerio ordenado, segundo a disciplina eclesiástica, que, certamente, é fundamental, a min o que me suxire o caso desta muller é que a Igrexa pode e debe tomar decisións a nivel local cando se atopa en situacións límite. A «Igrexa do silencio» tivo que repensar os seus propios límites institucionais sen deixar de recoñecerse en comuñón xerárquica con Roma. Non pretendía un cisma; máis ben o que quería era salvagardar a comuñón coa Igrexa universal alí onde o Estado opresor a ameazaba de extinción. Isto que sucedeu, e pode suceder, pon en cuestión unha imaxe demasiado ríxida ou, se queremos, centralista da comuñón eclesial. Debemos seguir a repensala, como xa tiña detectado o coñecido teólogo italiano Antonio Acerbi pouco despois da clausura do Concilio Vaticano II[3]. Esta cuestión, a urxencia pastoral, que volveu a ser traída á luz pola recente reclamación da *Fraternidade San Pío*

3 Acerbi, Antonio. *Due ecclesiologie. Ecclesiologia giuridica ed ecclesiologia di comunione nella «Lumen gentium»*. Edizioni Dehoniane. Bologna, 1975.

X sobre a necesidade das súas ordenacións episcopais –finalmente cismáticas– debe tomarse en serio tamén no ámbito actual da Igrexa católico-romana. As circunstancias, os contextos de Igrexa, son moi diferentes en todo o mundo católico e, sendo así, débese pensar que graos de necesidade pastoral poderían xustificar, ou non, decisións extraordinarias en materia de ministerios eclesiais.

En todo caso, o que resulta xa evidente é que o exemplo de Ludmila Javorová amosa que a pregunta pola participación plena das mulleres na vida ministerial da Igrexa non é unha novidade ou unha esixencia recente, senón unha necesidade pastoral que xa se fixo sentir, con urxencia extrema, hai máis de medio século, nunha Igrexa perseguida e reducida ao silencio. Por outra banda, persoalmente valoro moito a actitude desta muller, que se asemella á de grandes teólogos do século XX que foron reducidos ao silencio e non romperon coa comuñón eclesial, como Congar, De Lubac e outros. Deste xeito, a fidelidade constante de Ludmila Javorová á Igrexa, malia o rexeitamento canónico, é en si mesma un dato eclesiolóxico moi relevante nestes tempos de polarización. Móstranos que a tensión entre carisma e poder institucional, entre necesidade pastoral e comuñón xerárquica, pode vivirse dende dentro da Igrexa, sen ruptura, con paciencia, achegándonos un testemuño valente, á vez que ben fundamentado. Ludmila é un modelo para outros homes e mulleres que nos interpelan ou, quizais, nos incomodan porque o seu compromiso non é superficial; pola contra sufriron e sofren por ser fieis[4]. Como pasou cos teólogos citados (que foron despois creados cardeais), só podemos esperar que, co tempo, a Igrexa, no seu nivel institucional, recoñeza neles a voz do Espírito, que non está atado ás nosas normas canónicas.

Benito Méndez

4 «*Tutte cose che abbiamo potuto sviluppare in questi 50 anni, e che nel 1970 erano solo ai loro inizi. Di questi inizi, incerti ed esitanti, contrastati e desertificati, Ludmila ha dato una prova allo stesso tempo personale e toccante, lasciando alla sua Chiesa la eredità di una profezia reale, ma incompiuta, spesso incompresa e duramente rimossa*» (Grillo, A. La donna cattolica che fu prete: è spirata oggi Ludmila Javorova, *Munera*, 17/09/2026).